

# Personaxes

Dous anxos e dous demos

A raíña Esther

O profeta Daniel

O apóstolo Santiago, *todos eles habitantes do Pórtico da Gloria*

Mateo, *o mestre autor do Pórtico*

O Cego da zanfona e Lázaro, *o seu fiel guía*

Don Nuno, *cóengo do cabido compostelán*

Mestre Bernal, *arquitecto da catedral*

Paio e Xil, *pai e fillo, canteiros ao servizo do mestre Mateo*

Coro de voces e figurantes

*É de noite na catedral de Santiago. A lúa reflíctese no interior das naves, creando un efecto fantasmagórico. En primeiro plano vese o tímpano do Pórtico da Gloria. Hai partes totalmente acabadas e outras poucas que aínda esperan a que as habite a forma definitiva. Monicreques de distintos tamaños compoñen ese retablo das marabillas. No silencio das tebras óese o repenique constante dun cicel a bater contra a pedra. Ao pouco, sobre ese son vaise superpoñendo a voz dun canto a capella, que atopa o seu contrapunto no compás do repenique.*

Nas palabras dos canteiros  
meniñas non confiedes  
collen os picos e vanse  
meniñas, que lles faredes?

*Interrómpese o boureo da picaraña.*

## **MATEO**

*(en off)*

Quen vai? (...) Anda alguén aí?

*Tras un silencio breve, recomeza o petar do cicel. O Pórtico ilumínase cunha luz que parece sobrenatural. Desde o seu lugar na arcada, as distintas figuras que o compoñen comezan a se mover, como a saíren do sono. Un anxo mexe a cabeza e mira para abaixo. A seguir espreguízase e sae do lugar que ten asignado no conxunto escultórico.*

## **ANXO 1**

Pobre Mateo. Segue teimudo a rematar o seu soño, sen saber de certo que parte nel hai de prodixio e que parte é pesadelo.

## **ANXO 2**

Pero aínda segue aí? Xa é noite entrada...

## **DEMO 1**

Máis pode o desexo que o sono.

## **ANXO 1**

O desexo non existe. É o engano do pecado o que o creou.

## **DEMO 2**

Ben ao contrario. Foi o desexo o que puxo a andar a vida. Aínda que moitos o sigades a negar.

## **DEMO 1**

É propio de homes desexar...

## **ANXO 1**

... e de demos, enlear.

## **DEMO 2**

Un anxos e un demo por xunto fan un home enteiro.

## **DEMO 1**

Ou unha muller.

## **ANXO 1**

Ai, non. As mulleres son fariña doutra moenda.

## **DEMO 1**

E logo?

## **ANXO 1**

Mesmo os santos padres chegaron a discutir se as mulleres terían alma.

## **ANXO 2**

Así é. No Concilio de Nicea. E por poucos votos a favor decidiron que si a tiñan, o cal proba a dúbida sobre ese particular.

## **DEMO 1**

Moi doudo acordaches hoxe, compañeiro.

## **ANXO 2**

E ti moi faltón...

## **DEMO 2**

...como é propio de demos.

*A raíña Esther ceiba unha gargallada sarcástica desde o seu fornelo.*

## **ANXO 1**

E ti de que ris?

*A raíña segue rindo sen facerlle caso.*

## **ANXO 2**

Non é propio de nós rir. Somos arte románica.

### **PROFETA DANIEL**

*(sumándose á chanza)*

Ti un pouco menos que os outros

*Os demos estoupan coa risa*

### **ESTHER**

Hai que rir para non chorar. Cómpre ser de pedra para  
aturar certas cousas.

*Santiago espreguízase e propina repetidos baloucazos co  
seu báculo contra o chan.*

### **APÓSTOLO SANTIAGO**

Silencio! Non son horas estas para chanzas. Mellor durmir.

### **PROFETA DANIEL**

Horas de durmir serán. Pero non hai gana.

### **DEMO 1**

*(referíndose a Esther)*

Habendo mellores cousas que ver, para que pechar os ollos...

### **PROFETA DANIEL**

Ben cho digo.

*Resoan de novo as gargalladas dos demos.*

*Volve reinar a penumbra da noite de luar dentro da catedral  
compostelá.*

*Outra voz entoa unha nova cantiga.*

Pica, canteiriño, pica  
pica na pedra miúda,  
pica na muller allea  
que outro picará na túa.

**MATEO**

*(en off)*

Pero será posible?

*O mestre Mateo deixa o seu labor ao pé do Pórtico e sobe  
por unha escaleira até a altura do tímpano. As figuras  
anteriores retornan aos seus lugares e fican inmóbiles.*

**MATEO**

Seica non ides calar?

(...)

**MATEO**

Si, facede agora o parvo.

(...)

## **MATEO**

Pasades todo o tempo a latricar ás miñas costas. Non pensedes que non me decato.

(...)

## **MATEO**

Entre as vosas rexoubas e as insidias dos de aí abaixo aínda habedes conseguir que realmente perda o siso.

(...)

## **MATEO**

É o que queredes?

(...)

## **MATEO**

Xa hai quen anda a dicir que toleei. *(Remedando voces de outros)* Mateo non rexe... Mateo perdeu a chaveta... Hai que ver que fumes gasta o Mateo... Se até pensaba retratarse en corpo de anxo en pleno éxtase da gloria... *(Retomando o seu ton, repleto de arroallo)* Fato de envexosos e ignorante! Non fan nin deixan facer. Sempre o mesmo.

*(Repara na face do Profeta Daniel)*

E ti de que ris? Xa che teño dito que non che cómpre ese aceno.

*(Alza o cicel contra a face do profeta, pero unha voz párao de súpeto. Un foco de luz delimita os dous personaxes que interveñen na escena)*

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Mateo, acouga de vez.

**MATEO**

*(desarmado e temeroso)*

Señor Santiago...

**APÓSTOLO SANTIAGO**

Acouga, Mateo. É tarde de máis por hoxe. Volve á túa casa.

Vai durmir...

**MATEO**

Non podo, señor.

**APÓSTOLO SANTIAGO**

Por que?

**MATEO**

Queda moito por facer, señor. Non sei se me alcanzarán as forzas.

**APÓSTOLO SANTIAGO**

Tes todo o tempo do mundo, meu bo Mateo.

**MATEO**

Trabucádesvos, señor. Xa vou vello. Levo case vinte anos gastados nesta obra. O tempo corre na miña contra. O tempo e mais esa manda de cans famentos.

**APÓSTOLO SANTIAGO**

De quen falas?

**MATEO**

Dos de aí embaixo, señor.

### **APÓSTOLO SANTIAGO**

Xa che dixen, Mateo, que non era boa cousa iso de basear o pósito dunha casa de Deus nunha prea de monstros, como ti acordaches. Os monstros sempre viran na contra dun.

Forma parte do seu natural.

### **MATEO**

Esas criaturas ás que vos chamades monstros non teñen culpa de nada. Forman parte de min. Están aí porque tamén eles me representan. É a outros aos que eu temo.

### **APÓSTOLO SANTIAGO**

A quen?

### **MATEO**

Aos de aí embaixo, señor, vos xa me entendedes.

### **APÓSTOLO SANTIAGO**

Boa xente non son, ben o sabe Deus. Pero sonche os bois cos que aramos.

### **MATEO**

Buscan a miña ruína, señor. Van con dixomedixomes cabo do arcebispo e el acabará acreditando nesas prosmeiradas.

### **APÓSTOLO SANTIAGO**

Non tal. Don Pedro Suárez de Deza é prelado digno desta sé.

### **MATEO**

Máis o era don Pedro Gudesteiz, a quen Deus teña na gloria.

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Nela está, gozando de merecido premio.

### **MATEO**

El, que me puxo á fronte desta obra por mandado do noso bo rei don Fernando, sabía como manter a raia a cobiza e a cegueira.

Non acontece o mesmo arestora, neste tempo poboado de mexeriqueiros. Cando o Pórtico está por ser rematado é cando máis ansia teñen de me desacreditar.

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Non terán forma de facelo.

### **MATEO**

Teñen. Eles queren ver pecado en todo o que eu fago. Pecado de grandeza, pecado de vaidade, pecado de insolencia, pecado...  
pecado... pecado...

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Xa che dixen que non era boa cousa facer mofa deles, Mateo.

### **MATEO**

Seica eu me mofei de alguén, señor?

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Aínda mo preguntas? A que vén logo ese condenado por bébedo que é o retrato do deán? Ou aqueloutro que xanta sen descanso a empanada de pedra. Non se pode ver de lonxe que figuraches en tal guisa ao cóengo fabriqueiro? Por non falar dos acusados de luxuria...

## **MATEO**

Ben merecido o teñen, señor Santiago. Eu non mentín. Falan as pedras ao seu paso e proclaman as súas maldades.

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Ai, Mateo, Mateo... Pérdete o xenio, meu fillo.

## **MATEO**

E dicídesmo vós, que seica sodes o fillo do Trono?

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Dígocho eu, que sei das súas poucas virtudes e dos seus moitos defectos. Este pobo noso, Mateo, mal que nos pese, está feito de cachos do peor e de remendos do mellor. É o que hai, o que temos.

## **MATEO**

E logo que queredes que faga, señor? Que achante con tamaña inxustiza? Que acate o que eles ditan desde a máis fonda das necidades? Por eles, señor, este pórtico non existiría. Non serían quen nin de imaxinalo, moito menos de facelo realidade. Quen non sabe soñar lamenta que os demais soñen. Quen non sabe facer, argalla contra o que fai. Queredes que eu acepte iso e fique de brazos cruzados?

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Quero, Mateo, que deixes o cicel por hoxe e volvas á túa casa.  
Vaille dar descanso aos teus monstros, fillo.

## **MATEO**

Non podo, señor. Non atopo descanso. Só aquí me sinto a cuberto.

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

Que temes, Mateo?

## **MATEO**

Non o sei, señor. Temo por min, pero sobre todo temo pola miña obra. Non pararán até destruíla.

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

A túa obra ha ficar para sempre, Mateo.

## **MATEO**

E o meu nome, señor? Que vai ser do meu nome?

## **APÓSTOLO SANTIAGO**

É iso o que tanto te desacouga?

## **MATEO**

Non temo o esquezo. Temo a calumnias e mais a inxuria. O veneno da lingua das serpes esténdese coma un regueiro neste país de noso. Por onde queira que vaian levantan a aldraxe ao meu paso. Até da miña vida murmuran. Ou logo non escoitastes as cantigas que tecen e destecen sen parar?

*Escuridade.*

*Unha nova voz comeza a cantar a terceira copla.*

Non te cases, miña nena  
con pedreiro que ben canta  
que trae o po da pedra  
dentro da súa garganta